

Prezad@s soci@s:

Comeza un trimestre cargado de actividades culturais que seguro todos disfrutaremos. Quixemos dar un paso máis en canto a calidade dos actos para ver se de unha vez por todas movilizamos o interese cultural en Riotorto.

Abril será o mes máis intenso. O día 5 e o 6 celebraremos as primeiras **XORNADAS DE HISTORIA**.

O día 5 teremos como ponente a Abel Vigo García, arqueólogo municipal do concello de Mondoñedo e responsable das excavacións do castro de Zoñan. Falará sobre a Cultura Castrexa: O castro da Croa e outros poboados castrexos na zona de Riotorto.

O día 6 contaremos con Carlos Andrés González Paz, historiador. Membro do Instituto de estudos galegos "Padre Sarmiento". Falará sobre as fortalezas medievais no concello de Riotorto: O castelo de Penaflor do Machin, "A torre do Moro" de Santa Marta e outras.

As conferencias terán lugar no Centro Sociocultural e previamente farase unha visita as zonas de estudio.

O día 15 teremos un stand na **FEIRA DO FERRO**. Aproveitaremos o día para diversas actividades. Unha delas será a entrega do premio ó gañador do certame de fotografía. Exporanse todos o traballos presentados.

Aquel que se achegue ó stand non se irá cas mans valeiras, repartiranse agasallos.

Podedes aproveitar o día para achegarnos a vosas propostas de actividades.

En **Maio** celebraremos o Día das Letras Galegas presentando un facsímile do xornal "El Agricultor" de Riotorto de primeiros do século XX. Os socios que estén interesados en adquirilo poderán facelo por un módico prezo.

Xa en **Xuño**, co bo tempo, comezaremos cos roteiros de senderismo. Nesta ocasión achegarémonos ó **TEIXEDAL DE CASAIO** no concello ourensán de Carballeda de Valdeorras. Está situado nunha das ladeiras das montañas de Trevinca. Trátase dun tesouro biolóxico, único en Europa, formado por máis de catrocentos teixos centenarios.

Por último decirvos que seguimos na campaña de captación de socios e como podedes ver, no fondo da páxina, achegamos unha autorización de pagamento, só tedes de cumprimentala e entregala no Banco Simeón de Riotorto. Tedes que marcar a cantidade que queredes aportar en función do voso grao de implicación na asociación. Se vos resulta máis cómodo mediante transferencia á conta: 0130/3067/05/0209917182 (non esquezades poñer o voso nome). Podedes aproveitar a Feira do Ferro para facervos socios ou para paga-la cota.

No próximo trimestre xa só mandaremos a carta os socios que estén ó día no pago da cota.

Ben, esperamos vervos a tod@s nas actividades deste trimestre. Unha aperta a tódo-los soci@s.



AUTORIZACION DE PAGAMENTO

D./Dña
con domicilio en
e DNI..... autoriza a que se realiza o pagamento a través da conta:

<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------

Do importe correspondente a cota anual de socio da Asociación Cultural Arrincadeira de Riotorto.

15 €

30 €

Asdo.: